

ORDENANZA N° 11

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Artigo 1º.- Fundamento Legal

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co artigo 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa nova redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, o Concello de Val do Dubra establece a Taxa por subministración de auga, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a subministración de auga potable ás vivendas, locais comerciais, industriais ou análogos a través da rede municipal de abastecemento de auga.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Así mesmo, terán tal condición de substitutos do contribuínte por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios dos ditos inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 33 da Lei xeral tributaria, que responderán en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias da entidade.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Exencións, Reducións e Bonificacións

Non se contemplan ningún tipo de exención, redución ou bonificación.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria da presente taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

| <i>CONCEPTOS</i> | <i>EUROS</i> |
|---------------------------------|--------------|
| - Abonados domésticos: | |
| Mínimo consumo: 10 m3/mes. | |
| Prezo mínimo consumo por m3 | 0,5788 euros |
| Prezo exceso por m3 | 0,6224 euros |
| - Abonados industriais: | |
| Mínimo consumo: 20 m3/mes. | |
| Prezo mínimo consumo por m3/mes | 0,6115 euros |
| Prezo exceso por m3 | 0,6443 euros |

Estas tarifas enténdense, sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito e sufrirán un incremento anual automático igual ao IPC oficial correspondente ao ano natural anterior.

Artigo 7º.- Devengo e período impositivo

O devengo da presente taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, agás no suposto de inicio ou cesamento do uso do servizo en cuxo caso o período impositivo axustarase a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

Artigo 8º.- Liquidación, Recadación, Xestión

1. As peticións para a subministración de auga dirixiranse ao Concello de Val do Dubra polos interesados, facilitando os datos de feito precisos para a formalización do correspondente contrato.

2. Os correspondentes contadores serán instalados pola Oficina do Servizo. Os ditos contadores estarán verificados pola Delegación Municipal do Ministerio de Industria.

3. O propietario dunha industria ou abonado farase responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores ou interiores. A negligencia no cumprimento desta norma, deixando correr a auga innecesariamente por rotura ou avaría destas ou das instalacións interiores, dará lugar a que se lles prive a subministración de auga mentres non se efectúen as oportunas rectificacións ou reparacións.

4. Os abonados están obrigados a permitir a visita aos contadores a calquera hora en día hábil aos empregados municipais para efectuar a lectura periodicamente.

5. No caso de paralización ou avaría dun contador, que as súas indicacións non poidan servir de base para unha liquidación correcta, liquidarase o consumo con amaño ao que tivera en igual período do ano anterior. Se non existira este dato, tomarase a media aritmética dos dous trimestre anteriores inmediatos.

6. A empresa prestataria do Servizo practicará a liquidación correspondente á auga consumida por trimestre, aplicando a tarifa establecida no artigo 7.

7. As débedas non satisfeitas extinguiranse pola vía de constrinximento, de acordo co que se dispón no Regulamento xeral de recadación, computándose, no seu caso, como pagamentos a conta as cantidades pagadas fóra de prazo. En todo caso a finalización do período voluntario de cobranza determinará a esixibilidade do recargo de constrinximento e dos intereses de demora dende a data en que finalizou aquel.

8. Igualmente transcorridos os prazos do período voluntario de cobranza, o Concello mediante resolución da Presidencia poderá, de acordo coa normativa vixente, ordenar a suspensión do subministración de auga. Os gastos ocasionados polo corte de subministración correrán por conta do usuario do servizo e deberán ser aboados antes da reanudación deste.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

O Concello, a través do persoal que designe o alcalde, confeccionará unha relación detallada dos suxeitos pasivos obrigados ao pagamento desta taxa, cuxa relación será aprobada pola Xunta de Goberno Local, para seguidamente entregala á empresa ou ao traballador a quen se encomende a súa recadación, con vistas a que a partir dese momento practique as liquidacións e rectificacións correspondentes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do día 20 de decembro de 2007, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.